



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

RESOLUCIÓN

Asunto: Delegación das funcións do alcalde no primeiro tenente de alcalde os días 19 e 20 de setembro de 2024

EXPEDIENTE:2024/G003/000779

ANTECEDENTES

- 1 Na Resolución da Alcaldía número 556/2023, do 4 de xullo, nomeei tenentes de alcalde as concelleiros membros da Xunta de Goberno Local, que me substituirán nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.
- 2 Correspóndelles aos tenentes de alcalde substituír ao alcalde pola orde do seu nomeamento, de conformidade co artigo 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e cos artigos 44 e 47 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- 3 Vou estar ausente do termo municipal os días 19 e 20 de setembro, polo que non me é posible atender as miñas responsabilidades como alcalde.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Artigo 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Artigos 44 e 47 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Son competente para resolver, de conformidade co artigo 21 da Lei 7/1981, do 2 de abril.

Polo anterior,

RESOLVO:

- 1 Delegar a totalidade das miñas funcións no primeiro tenente de alcalde, Juan Ramón Vidal Torrado, os días 19 e 20 de 2024. A resolución producirá efectos dende o día seguinte da sinatura, sen prexuízo da publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP).
2. Darlle conta desta resolución ao Pleno do Concello e á Xunta de Goberno Local na primeira sesión ordinaria celebren.
- 3 Notificarlle esta resolución ao primeiro tenente de alcalde, indicándolle o réxime de recursos que pode presentar.

*Documento firmado dixitalmente o día e polas persoas que constan na marxe.